

Martes, 10 de marzo de 2020

Núm. 48

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARBO

Ordenanzas e Regulamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO MUNICIPAL DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS

ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Ao non presentarse reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario inicial aprobatorio de “Aprobación inicial da modificación do Regulamento do mercado Municipal de Abastos de Arbo” adoptado en sesión celebrada o día 30.12.19, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local:

“INTRODUCCIÓN

«REGULAMENTO MUNICIPAL DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS DE ARBO.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As competencias en materia de abastos e mercado no Termo Municipal de Arbo, corresponden o Concello de conformidade co disposto no artigo 25.2 i) da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local.

A adaptación ás novas técnicas da actividade comercial, fixeron que a distribución de bens e servizos alcancen niveis de desenvolvemento descoñecidos ata agora.

Os Mercado Municipais, neste sentido, quedáronse obsoletos, toda vez que a súa estrutura comercial necesita modernizarse ao obxecto de destacar as calidades dos produtos e servizos que ofertan.

A finalidade primordial que se persigue coa aprobación do Regulamento do Servizo do Mercado Municipal de Abastos reside en dúas vertentes, e é tanto involucrar ós adxudicatarios dos postos no funcionamento do servizo, como o obxectivo de aplicar nos Mercados Municipais as novas técnicas de distribución comercial.



CAPÍTULO I*Obxecto. Disposicións Xerais*

Artigo 1.—Ten por obxecto o presente Regulamento a regulación do funcionamento do servizo de abastecemento público nos mercados municipais, así como o establecemento do seu réxime administrativo, de conformidade co disposto no artigo 25.2 i) da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.

Artigo 2.—Os mercados son centro de abastecemento establecidos polo Concello, fundamentalmente, para a venda o por menor de artigos alimenticios en réxime de libre competencia, mediante a concorrência e multiplicidade do postos de venda, tendentes a cubrir as necesidades da poboación.

Artigo 3.—3.1.—Os mercados municipais ostentan a condición de servizo público, polo que o Concello exercerá a necesaria intervención administrativa e cantas funcións impliquen exercicio da autoridade e sexan da súa competencia.

O inmovible onde se sitúa o mercado municipal é da propiedade do Concello, e pola súa condición de ben de dominio público é inalienable, inembargable e imprescritible.

3.2.—Por razón imperiosa de interese xeral, á vista da natureza do servizo e a limitación do número de postos, o acceso aos mesmos efectuarase polo procedemento de concesión administrativa, garantíndose a transparencia e concorrência a través do procedemento de adxudicación de licitación pública.

Artigo 4.—4.1.—O procedemento para a concesión, solicitude, prazo de presentación, requisitos, baremos, canon, prazo de resolución e tódolos elementos esenciais do réxime da concesión se establecerán nos Pregos reguladores da licitación.

4.2.—Os concesionarios de postos deberán formalizar unha póliza de seguro de responsabilidade civil, que cubra os danos que poidan ocasionarse no propio posto, nos outros postos o en calquera dos elementos comúns do mercado, por accións ou omisións do propio concesionario ou das persoas que traballen pola súa conta.

Artigo 5.—O comercio nos mercados exercerase polo titulares dos postos, previa concesión administrativa que lle faculte para o uso privativo de ditos bens de dominio público.

Artigo 6.—O horario de venda o público nos mercados será fixado polo Concello, oídas, sen carácter vinculante, as asociacións de comerciantes dos mercados municipais, que en todo caso respectará de luns a sábado o seguinte horario:

Horario Mínimo: 9:00 h a 14:30 h

Horario Máximo: 8:00 h a 22:00 h

Artigo 7.—Nos mercados municipais haberá un Taboleiro Oficial de Anuncios, que se situará nun lugar visible, no que se fixarán todas as disposicións de réxime interior ou de carácter xeral que afecten tanto os titulares dos postos de venda, como ao público en xeral, que se entenderán legalmente notificados de tales disposicións, sen outro requisito que a súa publicación na forma descrita.



Martes, 10 de marzo de 2020

Núm. 48

Artigo 8.—As descargas dos xéneros efectuarase durante as horas e na forma que determine o Concello, previa audiencia das asociacións de comerciantes.

Só se permitirá a descarga de produtos no lugares sinalados a tal efecto.

O transporte dos produtos ata os mercados e dentro destes realizarase nas debidas condicións hixiénico – sanitarias, utilizando para isto os vehículos e medios de transporte adecuados.

Os transportistas serán responsables dos danos que poidan causar con motivo do transporte e descarga dos xéneros a eles confiados.

Artigo 9.—Non se permite estender as mercadorías fora do perímetro ou demarcación de casa posto, nin interceptar con elas o paso das rúas.

Artigo 10.—A denominación dos postos estará integrada por un número de orde, o nome e os apelidos do concesionario e a actividade que exerza, sendo esta a que figure na concesión administrativa.

Artigo 11.—Os concesionarios dos postos procederán a efectuar, a súa custa, as obras ou reparacións menores ou de mantemento que foran necesarias no recinto dos postos da súa titularidade, previa autorización do Concello.

Igualmente serán de conta dos concesionarios as obras que sexan necesarias para reparar os danos ou estragos que se causen por culpa ou negligencia súa, tanto no recinto dos postos concedidos como no resto das instalacións comúns ao servizo dos postos.

CAPÍTULO II

Das asociacións de Comerciantes

Artigo 12.—Con carácter no decisorio nin vinculante para o Concello poderán constituírse, en cada un dos mercados municipais, Asociacións de Comerciantes, de acordo con este Regulamento, a Lei Reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións de aplicación.

Artigo 13.—Ditas asociacións poderán solicitar, informar ou suxerir cantas actuacións consideren oportunas para a boa marcha dos mercados e canalizarán as queixas dos comerciantes, sendo consideradas interlocutores co Concello.

Artigo 14.—Ademais poderán levar a cabo, de conformidade co presente regulamento, os seus estatutos e demais lexislación vixente e previa autorización municipal, cantas actuacións consideren oportunas, encamiñadas á promoción dos mercados municipais ou dos produtos que neles se expenden.

Igualmente, consideraranse interlocutores co Concello, en todo aquilo que afecte os intereses dos adxudicatarios, sen menoscabo de que os distintos órganos ou servizos municipais se dirixan a cada un deles.



CAPÍTULO III

Das instalacións

Artigo 15.—As instalacións están formadas por once (11) postos abertos, dedicados a:

- Carnicería
- Froitería
- Florería
- Produtos varios
- Hostalería
- Despacho de pan.

E seis (6) bancadas, habilitadas para peixería e outros alimentos, como pan, froitas, verduras e outros...

Así mesmo, ao servizo público de mercado vincúlense os seguintes elementos comúns que deberán manterse en perfecto estado de hixiene por parte dos titulares dos postos de acordo coas normas de sanidade, disposicións deste Regulamento e instrucións que se poidan ditaminar por parte dos servizos de inspección:

- Un espazo pechado destinado a zoa de lavabo comunitario, con auga quente para o servizo dos concesionarios.
- Lavadoiros en tres bancadas (15, 16 e 17)
- Espazo para de depósito e recollida de residuos.

Artigo 16.—As cámaras frigoríficas que poidan existir nalgún posto empregaranse para a conservación dos xéneros destinados á venda pública, do propio posto, que previamente, foran sometidas á acción do frío e que requiran esta acción para a súa conservación. Nas Cámaras frigoríficas non poderán ser introducidos baixo ningún pretexto alimentos conxelados, xa que esta acción implica desconxelación e polo tanto un fraude ao consumidor.

Artigo 17.—O concello non contraerá responsabilidade algunha por perda, deterioro de mercadorías e danos resultantes por causa de forza maior e, en xeral por calquera suceso non imputable os seus axentes.

CAPÍTULO IV

Explotación dos postos

Artigo 18.—A explotación dos postos dos mercados de abastos constitúe un uso privativo de bens de dominio público, conforme ao disposto no artigo 4 do Regulamento de bens das Corporacións Locais. A concesión do posto leva a aparelado o uso do almacén correspondente.

Artigo 19.—A concesión para a ocupación de postos nos mercados de abastos no implica autorización para o exercicio do comercio. Este dereito deberá adquirirse polos concesionarios mediante a obtención das licencias esixibles conforme á normativa en vigor en cada momento.



*Artigo 20.—20.1.—*As concesións dos postos que se vaian quedando vacantes, adxudicaranse mediante licitación pública, o que se levará a cabo de conformidade co disposto na lexislación en vigor e con arranxo os pregos de condicións que para cada licitación acordo o Concello.

*20.2.—*Debido as limitacións do número de postos existentes no mercado, cada licitador só poderá ser adxudicatario dun máximo dun posto, salvo os postos de peixería. A estes efectos o titular de dous postos, si resultase adxudicatario ddun novo posto, previamente á nova concesión, deberá renunciar a un dos postos, debendo indicar dito compromiso na solicitude.

Non obstante, no caso de que a licitación quede deserta, poderase adxudicar como máximo dous postos na mesma actividade comercial a cada titular de cada posto, sempre que a nova licitación se realice nos 90 días seguintes.

*Artigo 21.—*O prazo de duración da concesión administrativa será de vinte (20) anos prorrogables por outros cinco (5) anos máis.

*Artigo 22.—*Só poderán ser concesionarios de postos as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non se atopan comprendidas nunha prohibición de contratar e acrediten a súa solvencia económica e financeira e non estean comprendidas nalgún dos supostos de prohibición sinalados no art. 71 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público e Lei Orgánica 5/85 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, en especial no seus artigos 159.b) e 178.2 d).

*Artigo 23.—*A explotación dos postos farase directamente polos titulares da concesión. Entenderase que existe tal explotación directa sempre que o concesionario leve persoalmente o posto, asumindo a dirección efectiva do negocio que no mesmo se desenvolva, sen prexuízo de que poida ter contratados a un ou máis traballadores pola súa conta, debidamente dados de alta no réxime correspondente da Seguridade Social.

*Artigo 24.—*O concello poderá trasladar de posto a calquera concesionario sempre e cando esta decisión se xustifique na necesidade de realizar obras de conservación ou mellora no mercado, de efectuar una redistribución de espazos orientada a incrementar o rendemento comercial ou calquera outra circunstancia análoga que redunde no beneficio da xeneralidade dos usuarios e/ou por razóns de interese público o fagan aconsellable.

Dito traslado efectuarase a un posto de características equivalentes ao posto obxecto da concesión, e durará o tempo imprescindible que esixan as circunstancias expresadas no parágrafo anterior. Igualmente, o Concello poderá autorizar o cambio de posto entre concesionarios que se dediquen o comercio do mesmo xénero de produtos, previa solicitude de acordo entre ambos titulares e pagamento do canon anual pendente, no seu caso correspondente á actividade a exercer por cada unha das dúas partes.

No prazo de dez días hábiles a contar dende que se notifique o acordo de autorización de cambio de posto, os titulares deberán abonar o canon anual no seu caso pendente de pagamento.



*CAPITULO V**Das cesións**Sección I**CESIÓN "INTER VIVOS" E TRANSMISIÓN "MORTIS CAUSA".*

Artigo 25.—Os dereitos que corresponden aos concesionarios dos postos poderán cederse a terceiros, previa aprobación polo mesmo órgano que aprobou a adxudicación da concesión, sempre que estes reúnan as condicións de capacidade esixidas para outorgar orixinariamente a concesión e se cumpran os seguintes requisitos.

As concesión poderán transmitirse nos seguintes casos:

a) Cando teña lugar a explotación do posto durante un tempo superior o 20% do prazo concesional.

b) Cando se produza a favor de familiares que teñan o carácter de herdeiros forzosos do titular.

c) Cando o titular sexa maior de 65 anos ou acade a idade de xubilación ou padeza enfermidade ou incapacidade que lle impida desenvolver a actividade. En caso de falecemento do concesionario, a concesión poderase transmitir a favor de quen probe ser o adxudicatario do seu posto nas correspondentes operacións particionais da herdanza daquel. O adxudicatario "mortis causa", deberá de reunir as condicións de capacidade esixidas para outorgar orixinariamente a concesión debendo ser aprobada a transmisión polo órgano competente para adxudicar a mesma. De transmitirse "mortis causa" o posto pro indiviso a dous o máis persoas, estas, no prazo de tres meses dende o falecemento do concesionario, deberán determinar e comunicar o Concello quen, de entre elas, ten que suceder na titularidade do posto. De non facelo no prazo indicado, declararase extinta a concesión.

d) Se o titular da concesión é unha persoa xurídica, cando se produza a extinción da sociedade.

A transmisión será autorizada expresamente e con carácter previo pola Administración Municipal.

As cesións efectuadas con vulneración do réxime establecido na presente cláusula, sen prexuízo da responsabilidade do concesionario, non prexudicarán nin producirán efectos respecto á Administración Municipal, aínda cando se tivese dado conta das mesas.

Artigo 26.—O novo concesionario, deberá ingresar nas arcas municipais, no prazo de trinta días naturais contados a partires da notificación do acordo polo que se autoriza a concesión ou a transmisión, o canon anual pendente de pagamento, se fora o caso.

En caso de non pagamento no prazo previsto, a autorización quedará sen efecto e neste caso o concesionario, ademais, non poderá ser beneficiario dunha nova concesión.

Artigo 27.—O cesionario e o novo adxudicatario, deberán dedicar o posto á venda dos mesmos artigos que vendían tanto o cedente, como o transmitinte.



Martes, 10 de marzo de 2020

Núm. 48

Artigo 28.—O novo concesionario, que o sexa en virtude da cesión ou da transmisión “mortis causa” regulada nos artigos anteriores, poderá explotar o posto durante o tempo que quede ata o termo da concesión orixinaria, contando dende o momento no que o cedente e o transmitinte, comezou a explotación.

CAPÍTULO VI

Extinción das concesións

Artigo 29.—As concesión poderán extinguirse:

1.—O día do vencemento do prazo. Un ano antes do vencemento do prazo, a administración municipal poderá designar un inspector técnico, que vixiará a conservación das obras e instalacións e propondrá as reparacións e reposicións necesarias para mantelas nas condicións esixidas neste prego.

2.—Por morte ou renuncia do concesionario.

3.—Cando o titular sexa unha persoa xurídica, por extinción da sociedade.

4.—Nos suposto de accións ou omisións imputables ao adxudicatario contrarias ao ordenamento xurídico, ao Regulamento de Mercados ou a este prego, cando afecten os elementos esenciais do contrato.

5.—Por mutuo acordo de ambas partes, coas condicións que en tal caso se conveñan. Non procederá a resolución por mutuo acordo se concorren causa determinantes de caducidade da concesión.

6.—Por sanción, se desta forma conclúe o expediente contradictorio seguido ao efecto.

7.—Por incumprimento do concesionario dalgunha das seguintes obrigas esenciais previstas neste Regulamento:

a) Cese do concesionario do uso privativo mediante concesión dos postos do Mercado Municipal de Abastos.

b) Perda da garantía definitiva e indemnización polos danos e prexuízos causados á administración municipal.

c) Convocatoria de licitación para adxudicar novamente o contrato, que se axustará ó disposto a continuación.

A resolución por incumprimento requirirá previo apercibimento ao concesionario, e a tramitación do expediente contradictorio con arranxo ao procedemento regulamentariamente establecido.

A licitación convocarase polo tempo que reste ata o vencemento do contrato e por prezo proporcional de concesión que resultaría no momento da declaración de caducidade, e se referirá á mellora na valoración do contrato de concesión.



A valoración do contrato efectuarase polo concesionario caducado, dentro do prazo que se sinala ao efecto, e no seu defecto, pola Administración Municipal.

Se a licitación quedara deserta, convocarase unha segunda con baixa do 25% na valoración e, si tamén quedara deserta, o contrato de concesión de servizo público de postos de Mercado Municipal de Abastos quedará definitivamente extinguido, sen pago de contra prestación algunha.

Sempre e cando o concesionario caducado houbese optado pola fórmula de canon único ao inicio da concesión, entregárase ao mesmo o produto da licitación, previa dedución de:

- 1) Cantidades pendentes de abono á Administración Municipal.
- 2) Do 20% en concepto de indemnización por danos e prexuízos.

8.—Por incumprimento da Administración. O concesionario poderá propoñer a resolución da concesión no suposto de que accións ou omisións xuridicamente incorrectas imputables á Administración Municipal, impidan ou perturban gravemente a explotación obxecto de concesión.

A resolución comportará os seguintes efectos:

- Extinción da concesión.
- Reversión á administración municipal dos bens, obras e instalacións e explotación do posto.
- Indemnización pola Administración ao concesionario dos danos e prexuízos efectivamente causados e economicamente avaliados.

9.—Por rescate da concesión ou supresión do servizo de Abastecemento no Mercado Municipal de Abastos antes do seu termo, si o xustifican circunstancias sobrevidas de interese público, previo resarcimento dos danos causados ao concesionario.

CAPÍTULO VII

Do desafiuzamento administrativo

Artigo 30.—Declarada a extinción da concesión, calquera que sexa a causa, o adxudicatario deberá desalojar o posto no prazo de corenta e oito (48) horas dende que sexa requirido formalmente para elo.

Artigo 31.—Se no referido prazo non levara o efecto o desaloxo, o Concello poderá acordar o desafiuzamento en vía administrativa.

Artigo 32.—Chegado o momento do desaloxo, se non se efectuará voluntariamente, será levado polo Concello, sendo de conta do desafiuzado todos os gastos derivados da execución do desafiuzamento.



*CAPÍTULO VIII**Dereitos e obrigas dos concesionarios*

Artigo 33.—Os concesionarios de postos do mercado de bastos terán os seguintes dereitos:

a) A usar privativamente o espazo físico constitutivo do posto, nos termos e condicións que se establezan na concesión.

b) A usar os locais, instalacións, servizos e elementos do mercado destinados o uso xeral, nas condicións regulamentarias.

c) A poder entrar no mercado con anterioridade á apertura ao público para preparar a mercadoría, dando toda clase de facilidades para que a inspección sanitaria se leve a efectos nas mellores condicións.

d) A instalar nos postos respectivos os elementos necesarios para o exercicio da actividade mercantil correspondente, previa autorización da dirección do mercado.

e) A poder realizar permutas do postos ou actividade, cando ambos titulares estean de acordo e sexan autorizados polo Concello.

f) En xeral, a todos os dereitos que se deriven da normativa reguladora.

Artigo 34.—Os concesionarios de postos dos mercados de abastos terán as seguintes obrigas de carácter esencial:

1.—Entregar ao comprador os produtos polo prezo anunciado e o peso íntegro, sen incluír neste o papel de envolver, que en todos os casos será gratuíto para o comprador. Normativa cobro bolsas plástico

2.—Estar en posesión do certificado de manipulador, tanto o titular como as demais persoas que traballen no posto. Dito documento deberá ser mostrado, cantas veces se requira, aos funcionarios habilitados para elo.

3.—Comunicar, mediante escrito, o Concello as altas y baixas das persoas que traballe no posto, debendo facelo no prazo de quince días a parir do seguinte o que se produza as citadas situacións.

4.—Expoñer os prezos de venda ao público de todos os xéneros que comercien, en lugar visible e de forma clara, de maneira que poidan ser apreciados polo consumidores con total claridade.

5.—Manter o posto aberto ao público de forma ininterrompida durante o horario de venda ao público, salvo causa xustificada. Así mesmo, pechará diariamente o posto ao finalizar o citado horario, adoptando cantas precaucións sexan necesarias para evitar posibles sinistros.

6.—Conservar os postos, así como as demais instalacións, en bo estado, coidando de que estean limpos, libres de residuos e en perfectas condicións hixiénico sanitarias, depositando o lixo e desperdicios no lugares sinalados para tal fin.



Martes, 10 de marzo de 2020

Núm. 48

7.—Utilizar os instrumentos de pesar e medir axustados aos modelos autorizados, podendo o Concello, mediante o persoal ao seu cargo, verificar a exactitudes dos mesmos.

8.—Vestir correcta e aseadamente, coa indumentaria apropiada de acordo co Anexo I. VER NOTA EN ANEXO

9.—Non sacrificar nos postos do Mercado os animais destinados a súa venda, nin efectuar naqueles as operacións de desplumado, despelexado ou similares.

10.—Non negarse á venda dos xéneros que teñan expostos para a súa comercialización.

11.—Aboar o importe dos danos e prexuízos que o titular, familiares ou dependentes do mesmo, causaren aos bens obxecto da autorización, ás instalacións ou no edificio do mercado.

12.—Xustificar, cando foran requiridos, o pagamento dos impostos e exaccións municipais por razón do exercicio do comercio nos postos ocupados.

13.—Non colocar vultos nin caixas de produtos nos corredores fóra do horario habilitado para elo. Non se poderá depositar mercadorías fóra do espazo do posto en base ao que se concedeu a autorización.

14.—Estar en posesión do libro de follas de queixas/reclamacións, así como o cartel anunciador de estar en posesión do mesmo, establecido mediante Decreto 375/1998, de 23 de decembro, polo que se regulan as follas de reclamacións dos consumidores e os usuarios, e disposicións establecidas na Lei 2/2012 de 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias.

15.—Atender a súa custa os gastos de electricidade producidos polos usos particulares nos postos que ocupen de acordo cos contadores instalados. Respecto o consumo de auga, e dado que non existen contadores individuais deberán aboar entre todos os postos, de forma proporcional o canon de saneamento e de vertedura liquidado pola Xunta de Galicia ao Concello. Así mesmo, deberán abonar a taxa municipal de recollida de lixo, a cuxo efectos se lle dará de alta no Padrón Municipal da Taxa de recollida de lixo na actividade económica correspondente.

16.—Satisfacer o canon correspondente o posto adxudicado de acordo co prego de cláusulas administrativas que rexe a concesión.

17.—Realizar pola súa conta e cargo as obras limitadas ou particulares que no Concello estime necesarias para que os postos estean en todo momento en perfecto estado de conservación, previa autorización o Concello.

18.—Manter sen alterar a actividade dos postos, salvo autorización do Concello.

19.—Todas as obrigas establecidas para os prestadores do servizos no Título V da Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de decembro de 2006, relativa os servizos no mercado interior, así como na Lei 13/2010, de 17 de decembro, de comercio interior de Galicia, e na demais normativa que lle sexa de aplicación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:H2D0X513F6TUXSIL



20.—Cada titular obrígase a contratar, pola súa conta, os seguros necesarios para cubrir os riscos que poidan producirse durante o exercicio da súa actividade.

21.—Disporase en todo momento dos medios persoais necesarios para exercer á actividade. O persoal deberá estar correctamente uniformado con arranxo as boas prácticas da profesión e a o que se determine na ordenanza municipal.

22.—Cada titular terá que ter vixentes, en todo momento, todas as licencias e autorizacións administrativas necesarias para o exercicio da súa actividade.

CAPÍTULO X*Persoal adscrito aos Mercados Municipais*

Artigo 37.—As competencias administrativas dos mercados municipais encadraranse na Concellería da área correspondente, podendo designar a un encargado do servizo que velará polo bo funcionamento do mesmo, cumprindo o presente regulamento e cantas obrigas se deriven do seu cargo.

CAPÍTULO XI*Infraccións e Sancións*

Artigo 38.—Os concesionarios dos postos serán responsables das infraccións ás disposicións deste regulamento, que cometan eles mesmos ou outras persoas que presten servizos nos postos que teñen adxudicados.

Artigo 39.—As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1.—Considéranse infraccións leves:

- a) A falta de limpeza dos postos e do entorno.
- b) A falta de aseo das persoas que realicen as tarefas de venda nos postos.
- c) A falta da consideración debida aos compradores.
- d) O peche non autorizado do posto, sen causa xustificada, dun a cinco días.
- e) O incumprimento do horario establecido.
- f) Non ter exposto ao público, en lugar visible o documento da concesión do posto identificativo e os prezos de venda das mercadorías.
- g) O descoido do aseo persoal das persoas titulares ou dos seus colaboradores e empregados.
- h) A inobservancia non reiterada das instrucións da inspección veterinaria, xefe dos mercados e demais persoal que desenvolva as súas funcións nos mercados en aplicación do regulamento.
- i) Non ter, a dispor dos consumidores e usuarios, as follas de queixas e reclamacións das persoas consumidoras e usuarias en Galicia, así como o cartel informativo ao respecto.
- f) Calquera infracción deste regulamento que non estea tipificada como falta grave o moi grave.

2.—Considéranse infraccións graves:

- a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor fora sancionado por resolución firma por máis dunha infracción leve no prazo dun ano.
- b) A desobediencia, clara e ostensible, aos requirimentos da inspección veterinaria, xefe do mercado e demais persoal que desenvolva as súas funcións no mercado en aplicación do presente regulamento.



Martes, 10 de marzo de 2020

Núm. 48

c) Todo incumplimento das obrigas sanitarias e comerciais previstas na lexislación vixente e neste regulamento.

d) As ofensas, de palabra ou de obra, a calquera persoa que se atope no mercado, ben sexan público ou funcionarios ou empregados municipais.

e) Non ter dados de alta na seguridade social ao persoal empregado que atende os postos.

f) Os altercados ou pendencias, que produzan escándalo dentro do mercado ou das súas inmediacións, con resultados de lesións ou danos.

g) As ofensas leves ou de palabra ou de obra, ás persoas autorizadas ou empregados municipais ou os axentes da autoridade e ao público e usuarios do mercado.

h) Causar negligentemente danos o edificio, postos ou instalacións.

i) O fraude na calidade ou cantidade dos xéneros vendidos.

j) O cambio do uso ou actividade comercial do posto sen autorización municipal.

K) O peche dos postos por máis de cinco días e menos de quince, sen a correspondente autorización municipal nin causa que o xustifique.

l) A modificación da estrutura e instalacións dos postos sen autorización municipal, así como o cambio de uso ou actividade comercial do posto sen a mesma autorización.

3.—Considéranse infraccións moi graves:

a) A reincidencia. Entenderase que existe reincidencia cando o infractor fora sancionado por resolución firma por máis dunha infracción grave no prazo dun ano.

b) O destino do posto a almacén.

c) A cesión do posto a un terceiro sen observar os requisitos esixidos ao efecto no presente regulamento.

d) A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e empregados municipais adscritos ao mercado, no desenvolvemento das súas funcións.

e) Causar dolosamente danos ao edificio, postos ou instalacións do mercado.

f) A atención dos postos por persoas distintas do titular da licenza, familiar ou empregado autorizado.

g) O peche, non xustificado e sen previa autorización municipal, do posto por máis de quince días consecutivos ou máis de trinta días alternos durante tres meses, salvo autorización municipal expresa.

h) O non pagamento do canon anual da concesión.



Artigo 40.—As sancións aplicables son:

1. As infraccións poderán ser sancionadas como segue:

- a) As leves con apercibimento ou multa de ata 750 euros.
- b) As graves con apercibimento e multa de 751 ata 1.500 euros.
- c) As moi graves con extinción da concesión e multa de 1.501 ata 3.000 euros.

2. Na imposición das sancións, deberá observarse a debida idoneidade e necesidade da sanción a impoñer e a súa adecuación á gravidade do feito constitutivo da infracción. Para a gradación das sancións teranse en conta os seguintes criterios:

- I) A natureza dos prexuízos causados.
- II) O grado de culpabilidade ou a existencia de intencionalidade do infractor.
- III) A continuidade ou persistencia na conduta infractora.
- IV) A contía do beneficio obtido.
- V) A reincidencia, cando non sexa determinante da infracción.
- VI) O prazo de tempo durante o que se estivese cometendo a infracción.
- VII) O número de consumidores e usuarios afectados.

Cando o xustifique a debida adecuación entre a sanción que deba aplicarse coa gravidade do feito constitutivo da infracción e as circunstancias concorrentes, o órgano competente para resolver poderá impoñer a sanción no grado inferior.

Cando da comisión dunha infracción derive necesariamente a comisión doutra ou outras, deberá impoñerse soamente a sanción correspondente á infracción máis grave cometida.

Será sancionable, como infracción continuada, a realización dunha pluralidade de accións ou omisións que infrinxan o mesmo ou semellantes preceptos deste regulamento.

3. A imposición de sancións requirirá a tramitación do oportuno expediente sancionador, que deberá tramitarse e resolverse no prazo máximo de tres meses dende a súa iniciación.

En dito procedemento darase audiencia ao concesionario, practicarase a información e proba necesaria para a xustificación dos feitos e observaranse as garantías xurídico – administrativas prescritas pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público e Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no que resulte aplicable.

4. Ademais das sancións previstas, no caso de infraccións graves ou moi graves poderase acordar con carácter accesorio a redución do período de concesión da autorización municipal, así como o comiso da mercadoría se fora necesario.



Martes, 10 de marzo de 2020

Núm. 48

5.—O importe das sancións económicas poderá detraerse da garantía definitiva depositada, si fora depositada en efectivo, debendo o contratista repoñer o importe da fianza na súa totalidade a requirimento da Alcaldía e no prazo que este determine.

Artigo 41.—Prescripción de infraccións:

- a) As leves, aos seis meses.
- b) As graves, aos dous anos.
- c) As moi graves, aos tres anos.

O prazo de prescripción das infraccións comezará a computarse dende o día que se houbera cometido a infracción ou, no seu caso, dende aquel no que se tivese coñecemento da comisión e se puidese incoar o procedemento, e de conformidade co previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr dende que finalizou a conduta infractora.

Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, dun procedemento administrativo de natureza sancionadora, reiniciándose o prazo de prescripción se o expediente sancionador estivera paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao presunto responsable.

Artigo 42.—Do mesmo xeito, as sancións prescribirán:

- a) As leves, ao ano.
- b) As graves, aos dous anos.
- c) As moi graves, aos tres anos.

O prazo de prescripción das sancións comezará a computarse dende o día seguinte a aquele en que sexa executable a resolución pola que se impoña dita sanción ou transcorrese o prazo para recorrela, e de conformidade co previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Interromperá a prescripción a iniciación, con coñecemento do interesado, do procedemento de execución, volvendo a transcorrer o prazo se aquel está paralizado durante máis dun mes por causa non imputable ao infractor.

Artigo 43.—Iniciado o procedemento sancionador, se o infractor recoñecese a súa responsabilidade, poderase resolver o procedemento coa imposición da sanción que proceda.



No caso de sanción pecuniaria, o pago voluntario polo presunto responsable, en calquera momento anterior á resolución, implicará a terminación do procedemento, salvo no relativo á reposición da situación alterada ou á determinación da indemnización por danos e prexuízos causados pola comisión da infracción. Nos casos de sancións pecuniarias, o órgano competente para resolver o procedemento aplicará as reducións do 20% sobre o importe da sanción proposta, por asunción da responsabilidade e pago voluntario, sendo estas acumulables entre si. As citadas reducións, deberán vir determinadas na notificación de iniciación do procedemento e a súa efectividade estará condicionada ao desestamento ou renuncia de calquera acción ou recurso en vía administrativa contra a sanción.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA

Coa entrada en vigor deste regulamento queda derrogado o aprobado por acordo plenario de data 28/11/1992, e todas aquelas disposicións de igual ou inferior rango que contradigan o que neste regulamento se prevé.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA: ENTRADA EN VIGOR

De conformidade co que dispón o artigo 70.2 da Lei 7/85, Reguladora das Bases do Réxime Local, este regulamento entrará en vigor unha vez que, tras a súa aprobación definitiva polo Plenario Municipal ou elevación da aprobación provisional a definitiva no caso de non presentarse reclamacións á mesma, se publique o seu texto íntegro no Boletín Oficial da Provincia e logo de que transcorra o prazo de quince días hábiles ó que se refire o artigo 65.2 desa Lei.

ANEXO I VESTIARIO POR GREMIOS

O concello establece o vestiario que se deberá empregar diferenciado por gremios:

** Peixe*

- Gorro branco con perfil azul.
- Mandil azul.
- Mandil plastificado.
- Chaquetilla e pantalón ou bata branca.

** Carnicería*

- Gorro Branco perfil vermello.
- Mandil vermello.
- Chaquetilla e pantalón ou bata branca.

** Froitería:*

- Gorro branco con perfil verde.
- Mandil verde.
- Chaquetilla e pantalón ou bata branca.



Martes, 10 de marzo de 2020

Núm. 48

**Outros (queixería, panadería, produtos varios)*

- Gorro branco perfil amarelo.
- Mandil amarelo.
- Chaquetilla e pantalón ou bata amarela.

O Concello de Arbo, resérvase a facultade de modificar as características do vestiario que se